

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3015	Equipamentos eléctricos e electrónicos	2024/2025	8	233	279

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	NEREA NÚÑEZ VILLAR
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Electricidade e Electrónica (Decreto 107/2014, do 15 de setembro de 2014) establécese que:

A competencia xeral do título profesional básico en Electricidade e Electrónica consiste en realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Ferramentas e magnitudes básicas nos montaxes electrónicos	Coñecer a ferramenta, equipos e material utilizados nas instalacións	50	20
2	Simbología, elementos pasivos e activos e planos eléctricos	Saber interpretar esquemas e adquirir habilidade na montaxe e desmontaxe de equipos	60	20
3	Circuitos electrónicos e montaxe de elementos en placas electrónicas	Realizar a montaxe e desmontaxe de circuitos en placas electrónicas de diferentes tipos.	60	20
4	Conexiónado de elementos que integran os equipos eléctricos e electrónicos	Realizar o conexiónado dos elementos que integran os equipos	55	20
5	Mantemento de equipos eléctricos e electrónicos	Realizar tarefas de mantemento e reparación de equipos	54	20

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Ferramentas e magnitudes básicas nos montaxes electrónicos	50

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o material, as ferramentas e o equipamento necesarios para a montaxe e a ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, e describe as súas principais características e a súa funcionalidade	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse e clasifícaronse os elementos e os compoñentes tipo dun equipamento eléctrico ou electrónico, en función da súa aplicación e da súa situación
CA1.2 Identifícaronse e clasifícaronse os tipos de terminais e conectores máis utilizados en equipamentos eléctricos ou electrónicos
CA1.3 Identifícaronse e clasifícaronse as ancoraxes e as suxeicións tipo (parafusos, clips, pestanas, etc.) dun equipamento eléctrico ou electrónico, en función da súa aplicación, da rixidez e da estabilidade
CA1.4 Identifícaronse e clasifícaronse as ferramentas (aparafusador eléctrico, aparafusadores planos e de estrela, chaves, etc.) normalmente empregadas na ensamblaxe dun equipamento eléctrico ou electrónico en función da súa aplicación e idoneidade
CA1.5 Identifícaronse e clasifícaronse os medios e os equipamentos de seguridade persoal (luvas de protección, lentes, máscara, etc.), en función da súa aplicación e tendo en conta as ferramentas que se vaian utilizar

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Corrente alterna e continua. Magnitudes eléctricas. Relación entre magnitudes. Instrumentos de medida (polímetro, wattímetro, osciloscopio, etc.).</p> <p>Circuitos eléctricos básicos (elementos pasivos e activos, proteccións, etc.).</p> <p>Conectores: características e tipoloxía.</p> <p>Cables: características e tipoloxía. Normalización.</p> <p>Fibra óptica: aplicacións máis usuais; tipoloxía e características.</p> <p>Tipos de equipamentos: máquinas ferramenta, electrodomésticos, equipamentos informáticos, de audio, de vídeo e de comunicacións, e equipamentos industriais</p> <p>Ferramentas manuais e máquinas ferramentas.</p> <p>Materiais auxiliares. Elementos de ensamblaxe e suxeición: función, tipoloxía e características.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Simboloxía, elementos pasivos e activos e planos eléctricos	60

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a secuencia das operacións de montaxe e desmontaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, interpretando esquemas e identificando os pasos	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e dos compoñentes dos equipamentos eléctricos e electrónicos
CA2.2 Interpretoise o procedemento e a secuencia de montaxe e conexión, a partir de esquemas ou guías de montaxe
CA2.3 Identificouse cada elemento representado no esquema co elemento real
CA2.4 Identificouse o procedemento e a secuencia de montaxe e conexión dos elementos (inserción de tarxetas, fixación de elementos, etc.)
CA2.5 Definiuse o proceso e a secuencia de montaxe e conexión a partir do esquema ou da guía de montaxe

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Simboloxía eléctrica e electrónica: normalización.
0 Interpretación de ordes de traballo.
Elaboración de informes
Prevención de riscos, saúde laboral e protección ambiental.
Riscos na manipulación de sistemas e instalacións.
Interpretación de planos e esquemas.
Identificación de compoñentes comerciais. Catálogos.
Identificación de conectores e cables comerciais. Catálogos.

Contidos
Interpretación de esquemas e guías de montaxe e desmontaxe.
Interpretación de esquemas e guías de conexión.
Caracterización das operacións.
Secuencia de operacións.
Selección de ferramentas e equipamentos. Tipoloxía das ferramentas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Circuitos electrónicos e montaxe de elementos en placas electrónicas	60

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas indicadas nos esquemas e nas guías de montaxe
CA3.3 Preparáronse os elementos e os materiais que se vaian utilizar, seguindo procedementos normalizados
CA3.4 Identificouse a localización dos elementos no equipamento
CA3.5 Ensambláronse os compoñentes seguindo procedementos normalizados, aplicando as normas de seguridade destes
CA3.6 Fíxáronse os compoñentes cos elementos de suxeición indicados nos esquemas ou nas guías de montaxe, aplicando o par de aperto ou presión establecidos

Criterios de avaliación
CA3.7 Aplicáronse técnicas de montaxe de compoñentes e conectores electrónicos en placas de circuío impreso
CA3.8 Aplicáronse técnicas de desmontaxe de equipamentos eléctricos ou electrónicos
CA3.9 Cumpríronse os requisitos de seguridade establecidos
CA3.10 Elaborouse un informe que recolla as actividades desenvolvidas e os resultados obtidos
CA3.11 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA3.12 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Compoñentes electrónicos: tipos, características e funcións básicas.</p> <p>Equipamentos de protección e seguridade.</p> <p>Prevencción de riscos, saúde laboral e protección ambiental.</p> <p>Técnicas de montaxe e inserción de compoñentes electrónicos.</p> <p>Ferramentas manuais: tipoloxía e características. Estación de soldadura, conformadora e ferramenta de manipulación de compoñentes de montaxe superficial (SMD).</p> <p>Técnicas de soldadura branda: aplicacións máis habituais. Precaucións para ter en conta.</p> <p>Utilización de ferramentas manuais e máquinas ferramenta. Seguridade no manexo de ferramentas e máquinas.</p> <p>Técnicas de montaxe e ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.</p> <p>Montaxe de elementos accesorios.</p> <p>Técnicas de substitución de elementos e compoñentes de equipamentos eléctricos e electrónicos.</p> <p>Operacións de etiquetaxe e control.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Conexiónado de elementos que integran os equipos eléctricos e electrónicos	55

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Conecta elementos en equipamentos eléctricos ou electrónicos aplicando técnicas básicas, e verifica a continuidade nas condicións de calidade e seguridade establecidas	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado de conexión
CA4.2 Seleccionáronse as ferramentas indicadas nos esquemas e nas guías de conexión
CA4.3 Seleccionouse o tipo de conector e o cableamento apropiado para cada elemento
CA4.4 Dispuxéronse e colocáronse as pezas do conector e os cables
CA4.5 Dispuxéronse e colocáronse as proteccións persoais e dos elementos
CA4.6 Acondicionáronse os cables (pelar, estirar e ordenar) seguindo procedementos
CA4.7 Inseríronse as pezas do conector na orde correcta e uníronse os cables (soldar, crimpar, embornar, etc.) da forma establecida no procedemento
CA4.8 Realizouse a conexión (soldadura, embornado e conector) segundo o procedemento establecido (posición de elementos, inserción do elemento, manobra de fixación, etc.)
CA4.9 Verificouse a correcta conexión dos elementos que conforman o equipamento
CA4.10 Cumpríronse as medidas de seguridade na utilización de equipamentos e ferramentas
CA4.11 Dispuxéronse e colocáronse as etiquetas nos cables, segundo o procedemento establecido

Criterios de avaliación
CA4.12 Trátáronse os residuos xerados de acordo coa normativa ambiental
CA4.13 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade
CA4.14 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de conexión: características e aplicacións.
Soldadura, embornado e fixación de conectores.
Ferramentas manuais e máquinas ferramenta: crimpadora, tenaces, pelacables, soldador, etc.
Operacións de etiquetaxe e control.
Elementos de fixación: bridas, pechamentos de torsión, elementos pasacables, etc.
Equipamentos de protección e seguridade.
Prevención de riscos, saúde laboral e protección ambiental.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento de equipos eléctricos e electrónicos	54

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento básico de equipamentos eléctricos e electrónicos, aplicando as técnicas establecidas en condicións de calidade e seguridade	SI



**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse os esquemas e as guías indicados para un modelo determinado
CA5.2 Seleccionáronse as ferramentas segundo as operacións que haxa que realizar
CA5.3 Identificáronse os elementos para substituír, así como as súas características e a súa funcionalidade
CA5.4 Aproveccionáronse os elementos de substitución
CA5.5 Seleccionáronse as ferramentas necesarias para as operacións que se vaian realizar
CA5.6 Abriuse o equipamento desmontando a carcasa e as proteccións, e desmontáronse os elementos que cumpra substituír, empregando as técnicas e as ferramentas apropiadas, segundo os requisitos de cada intervención
CA5.7 Montáronse os elementos de substitución empregando as técnicas e as ferramentas apropiadas, segundo os requisitos de cada intervención
CA5.8 Verificouse o funcionamento correcto do equipamento eléctrico ou electrónico logo de finalizado o proceso, coas proteccións habilitadas e a carcasa novamente montada
CA5.9 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido
CA5.10 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade
CA5.11 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Esquemas e guías.
Aproveccionamento de elementos.
Características eléctricas dos equipamentos e/ou dos seus elementos para substituír: tensión e corrente; corrente alterna e corrente continua; resistencia eléctrica; potencia eléctrica.
Ancoraxes e suxeicións: tipos e características.

## Contidos

Mantemento preventivo e mantemento correctivo. Operacións básicas de mantemento preventivo. Vida útil.

Plans de emerxencia.

Actuación en caso de accidente.

Elaboración de informes. Partes de avarías. Histórico de avarías e partes de traballo.

Prevenção de riscos, saúde laboral e protección ambiental. Tratamento dos residuos xerados. Separación e reciclaxe.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

## MÍNIMOS EXIXIBLES:

Da UD1 os mínimos exixibles son:

CA1.1 - Identifícanse e clasifícanse os elementos e os compoñentes tipo dun equipamento eléctrico ou electrónico, en función da súa aplicación e da súa situación

CA1.2 - Identifícanse e clasifícanse os tipos de terminais e conectores máis utilizados en equipamentos eléctricos ou electrónicos

CA1.4 - Identifícanse e clasifícanse as ferramentas (aparafusador eléctrico, aparafusadores planos e de estrela, chaves, etc.) normalmente empregadas na ensamblaxe dun equipamento eléctrico ou electrónico en función da súa aplicación e idoneidade

Da UD2 os mínimos exixibles son:

CA2.1 - Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e dos compoñentes dos equipamentos eléctricos e electrónicos

CA2.2 - Interpreouse o procedemento e a secuencia de montaxe e conexión, a partir de esquemas ou guías de montaxe

CA2.3 - Identificouse cada elemento representado no esquema co elemento real

Da UD3 os mínimos exixibles son:

CA3.1 - Seleccionáronse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado

CA3.6 - Fixáronse os compoñentes cos elementos de suxeición indicados nos esquemas ou nas guías de montaxe, aplicando o par de aperto ou presión establecidos

CA3.7 - Aplicáronse técnicas de montaxe de compoñentes e conectores electrónicos en placas de circuito impreso

CA3.9 - Cumpríronse os requisitos de seguridade establecidos

CA3.12 - Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

Da UD4 os mínimos exigibles son:

CA4.1 - Seleccionáronse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado de conexión

CA4.4 - Dispuxéronse e colocáronse as pezas do conector e os cables

CA4.5 - Dispuxéronse e colocáronse as proteccións persoais e dos elementos

CA4.6 - Acondicionáronse os cables (pelar, estirar e ordenar) seguindo procedementos

CA4.9 - Verificouse a correcta conexión dos elementos que conforman o equipamento

Da UD5 os mínimos exigibles son:

CA5.2 - Seleccionáronse as ferramentas segundo as operacións que haxa que realizar

CA5.4 - Aproxionáronse os elementos de substitución

CA5.8 - Verificouse o funcionamento correcto do equipamento eléctrico ou electrónico logo de finalizado o proceso, coas proteccións habilitadas e a carcasa novamente montada

CA5.10 - Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade

CA5.11 - Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

Para superar as probas de avaliación é necesario acadar todos os mínimos exigibles

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** En cada unha das tres sesións de avaliación do módulo, emitírase unha nota (con cifras de 1 a 10, sen decimais) segundo os criterios de avaliación expresados en cada unidade didáctica e utilizando os instrumentos e o sistema de avaliación que se citan de seguido.

Instrumentos de avaliación:

- Proba escrita: as probas escritas que se realizarán para a avaliación das unidades, conterán preguntas curtas teóricas ou de razonamiento ou exercicios prácticos do estilo dos realizados na aula. Serán puntuadas de un a dez.
- Traballo na aula, na aula virtual ou traballos a entregar: valorarase de un a dez e calcularase como a media das cualificacións dos traballos realizados, que serán avaliadas unha vez por trimestre. Todos os traballos e prácticas serán de entrega obligatoria. Se faltase por entregar algún, este será calificado cun 0 e fará media co resto das entregas.
- Propóranse actividades na aula virtual que deberán ser entregadas e superadas obrigatoriamente para acadar os mínimos esixibles para superar o curso.

Sistema de avaliación:

- As notas da proba escrita en cada avaliación calcúlanse como: (suma das notas das probas realizadas) / (número de probas)
- As notas do traballo na aula en cada avaliación calcúlanse como: (suma das notas dos traballos realizados) / (número de traballos)
- A nota de cada avaliación calcúlase como: Proba escrita \* 0.4 + Traballo na aula\* 0.6

O alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 4 en cada unha das partes para poder facer os cálculos anteriores. De non ser obtida, o resultado será a nota suspensa máis próxima á resultante do cálculo. Aínda que a nota emitida nos boletíns non ten decimais, para os cálculos descritos teranse en conta sempre dous decimais.

Aqueles alumnos que aproben as tres avaliacións seguindo os cálculos expostos non terán exame final e a súa nota final calcularase como a media das tres avaliacións.

O alumnado que non aprobe unha avaliación poderá realizar unha proba de recuperación da materia non aprobada ao final do curso e/ou realizará prácticas propostas para a recuperación das partes non superadas. As distintas avaliacións non fan media entre sí polo que será necesario aprobar cada avaliación para superar o módulo.

As distintas unidades que sexan superadas (nota superior ou igual a 5) polo alumnado quedaran excluídas para a realización da proba final, sempre e cando o alumnado non perdesse o dereito de avaliación continua.

O alumnado que non acuda a unha proba só terá dereito a que se lle realice o exame noutra data se a súa ausencia é debidamente xustificada en tempo e forma (de acordo coas normas do centro) mediante un documento médico ou xustificante oficial de similar validez. En caso de non xustificalo, a proba será valorada con 0 puntos.

- EN CASO DE COPIA TOTAL OU PARCIAL O alumno/a que durante a realización dunha proba escrita ou nun traballo, realice calquera acto de copia, suplantación ou cambio da proba ou traballo obterá unha puntuación de 0 nesa proba/traballo. De tratarse dunha proba escrita, a avaliación estaría xa suspensa ao non acadar o mínimo de 5 puntos.

A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado por ser responsabilidade dos estudantes evitar que a súa proba ou traballo sexa obxecto de copia.

Así mesmo, o uso de calquera dispositivo electrónico non autorizado previamente, será sancionado cun 0 na calificación desa proba. Tampoco estará permitido o uso de material ou ferramenta do exterior.

- EN CASO DE USO INDEBIDO DO MATERIAL:

A destrución, manipulación indebida ou rotura do material para as probas, así como o uso perigoso para as persoas OU a integridade do material ou a ferramenta, resultará unha calificación dun 0 e a finalización inmediata da proba.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Á vista dos resultados das prácticas e do exame ou exames que compoñen a nota de cada avaliación, o profesor establecerá, se o considera necesario, actividades de recuperación e reforzo; prestando especial atención ó alumnado con necesidades especiais do que se estudiará a aplicación da flexibilización se fose necesaria.

No suposto de que o alumno/a non superara o módulo, éste será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

- Alumnado co trimestre non superado: Os alumnos cun trimestre non superado, realizarán unha proba de recuperación que poderá ser unha proba por escrito, unha realización práctica no taller ou unha combinación de ambas en función das partes suspensas que se realizará no trimestre seguinte ou ao final de curso. Cada trimestre só podrá intentar recuperarse nunha única vez. No caso de non aprobar a recuperación, se deberá ir ao exame final da materia en Xuño. Non se realizarán recuperaciones de exames parciais.

- Alumnado co módulo pendente: Os alumnos co módulo pendente, realizarán actividades de recuperación subministradas polo profesor e un exame final coincidindo co correspondente á 2ª avaliación sobre os contidos mínimos da programación.

- Alumnado que non superou o módulo: Os alumnos que non acadaron os contidos mínimos ao longo do curso, realizarán unha proba final teorico-práctica (100% da nota).

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- Características da proba final:

Esta proba será realizada no mes de xuño, en datas que acorde o departamento de electricidade-electrónica que se anunciarán coa antelación suficiente, publicándoseas no taboleiro de anuncios do IES Terra de Trasancos.

A proba final extraordinaria será unha proba por escrito e unha realización práctica no taller sobre os contidos mínimos do módulo. Será necesario acadar a nota mínima dun 4 na parte teórica para poder realizar a parte práctica. Se non se acada dita nota mínima na teoría, o módulo estará suspenso.

Partes da proba:

- Parte teórica: Preguntas e problemas sobre o temario dado durante o curso.

- Parte práctica: Realización dunha práctica, montaxe e/ou mantemento así coma o seu correcto desenvolvemento.

A nota desta avaliación, calcularase tendo en conta as proporcións:

- Parte teórica: 50%.
- Parte práctica: 40%.
- Implementación dos protocolos en materia de riscos laborais e protección ambiental, seguridade, limpeza, orden e traballo: 10%

Cada un destes apartados será valorado entre 0 e 10 sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para obter unha calificación positiva do módulo, que se achará a partir da media das tres partes.

A destrución, manipulación indebida ou rotura do material para as probas, así como o uso perigoso tanto para as persoas como a integridade do material, resultará unha calificación dun 0 e a finalización inmediata da proba.

Así mesmo, a copia, plaxio ou uso de aparellos ou material non aprobado previamente polo profesor responsable, será motivo de finalización do exame e calificación de 0 puntos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

### SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN:

Nas reunións do departamento comunicarase o grado de cumprimento da programación que se fará a través da aplicación da xunta aloxada en <https://www.edu.xunta.gal/programacions>.

Valorarase as actividades de ensino-aprendizaxe realizadas no referente a súa temporalización, metodoloxía e resultados de avaliación así como as medidas de axuste en caso de ser necesarias e a súa xustificación.

### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:

Terase en conta a "Enquisa de satisfacción da labor docente", para establecer medidas correctoras oportunas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase nos primeiros días de clase consistindo nuhas preguntas para establecer o nivel de coñecementos inicial dos integrantes do grupo, conseguindo así un punto de partida homoxeneo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para cubrir as necesidades dos alumnos con dificultades de aprendizaxe, realizaranse:

- Explicacións de reforzo, para acadar a comprensión dos contidos máis importantes das distintas unidades didácticas, a desenvolver ao longo do curso e contidos adicionais na aula virtual para o repaso das explicacións teóricas na casa.
- Daráselles máis tempo para facer as actividades e/ou cambio de espazos se fora necesario.
- Deberán facer actividades de reforzo na casa a través da aula virtual ou prácticas de repaso ao longo do curso.
- Estarase en colaboración co departamento de orientación co fin de tomar as medidas máis adecuadas ao perfil de cada alumno.
- Para aqueles alumnos que pola súa rapidez de aprendizaxe se faga necesario, propoñeráselles actividades de ampliación consistentes en exercicios e traballos de taller que terán que investigar e descubrir de forma autónoma seguindo unha metodoloxía de descubrimento guiado.

### 9. Aspectos transversais

#### 9.a) Programación da educación en valores

Educación ambiental.

O seu tratamento realízase ao longo do curso dende o punto de vista do respecto pola natureza orixen das principais fontes de enerxía e materias primas para a fabricación de compoñentes eléctricos e electrónicos, a valoración del impacto ambiental que produce a utilización dos recursos naturais e a importancia do uso de enerxías renovables, reciclaxe de materiais e obxectos para novos usos, xeración dun mínimo de residuos, uso racional da enerxía, etc.

Educación para a saúde

Contidos eminentemente prácticos no relativo a seguridade e hixiene na área de electricidade-electrónica, tales como aqueles relativos as técnicas de uso das ferramentas e maquinaria, risco eléctrico etc., aplicadas na práctica diaria nas actividades da aula-taller así como o estudo dos ambientes de traballo e a súa adecuación en canto a iluminación, orden, ventilación, etc. de gran importancia para a formación e recoñecemento do entorno de traballo dos alumnos e alumnas para cando se integren no mundo laboral.

Educación non sexista

Terase en conta a maior presenza de persoas de sexo masculino tradicionalmente na área da electricidade-electrónica así como o cambio de tendencia nos últimos tempos.

No caso que sea necesario coidarase o reparto non discriminatorio das tarefas nos equipos de traballo na aula-taller e a base para unha educación non sexista.

Educación do consumidor

Valoración dos produtos de consumo, con criterios obxectivos, diferenciando de cada produto aqueles aspectos importantes, posibilidades de uso dos obxectos, ecoloxía, economía, ergonomía, etc., dos máis triviais,

como o envoltorio, os mensaxes publicitarios, etc.

Educación para a paz

Os contidos enfócanse dende a perspectiva dun uso pacífico dos coñecementos e avances técnicos no eido da electricidade-electrónica.

Educación para a Globalización

Os contidos da area de taller utilízase o galego e mais o castelán, pero tendo en conta a natureza da tecnoloxía eléctrica-electrónica utilizaranse ás veces o inglés para a familiarización, por parte do alumnado, de expresións técnicas así coma a interpretación de características de compoñentes eléctrico-electrónicos, etc.

#### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Faranse aquelas que se fixen no Departamento.